

RESOLUCIÓN CONXUNTA DO CONSORCIO INTERUNIVERSITARIO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA POLA QUE SE DECLARAN ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS AUTOMATIZADAS

A Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG) é a encargada de levar a cabo a Proba de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU), a Proba de Acceso a Universidade para Maiores de 25 (PAU M-25) anos e a Proba de Acceso a Universidade para Maiores de 45 anos (PAU M-45) e xestionar o propio acceso ás tres universidades do Sistema Universitario Galego (SUG).

Para exercer a súa actividade en relación coas distintas probas de avaliación (ABAU, PAU M-25 e PAU M-45) é necesario levar a cabo o proceso de matrícula dos alumnos e xerar as fichas individuais de comprobación de matrícula, fichas de resultados das probas de avaliación de cada alumno nos distintos momentos do proceso (avaliación inicial e avaliacións resultantes de reclamación ou segunda corrección), certificacións e actas de avaliación.

Para exercer a súa actividade en relación coa xestión do Acceso ás Universidades do SUG é necesario xerar as comunicacións para comprobación das solicitudes de acceso e comunicacións resultantes dese proceso.

Estes procesos son xestionados mediante a aplicación informática NERTA e os certificados e demais documentos se xeran de forma automática polo que non hai intervención directa dun empregado público no proceso de sinatura.

Trala realización das probas de avaliación os alumnos poderán descargar as fichas cos resultados acadados para proceder a súa inscrición nas universidades do SUG ou en universidades alleas ó SUG.

Con data do 12 de xuño de 2018 e corrección de erros do 26 de xuño publicouse no Diario Oficial de Galicia o *“Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo, para a constitución do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG)”*.

Na súa cláusula 10 establécese que *“Coa sinatura do presente convenio inicianse os trámites para a liquidación e, se foro caso, integración no CISUG do Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións de xestión universitaria (CIXUG) e do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (Bugalicia), o que deberá ser previamente aprobado polos respectivos órganos de goberno dos consorcios que se integran.”*

Con data do 11 de setembro de 2018 asinouse a escritura de Constitución do Consorcio e nesa mesma data se produciu a designación dos órganos de goberno.



O Consorcio é así o instrumento con personalidade xurídica propia establecido no SUG para a admisión do alumnado de Grao nas Universidades, que ata a data residía nunha comisión ser personalidade xurídica de seu.

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, (en adiante só Lei 40/2015), integra as materias que demandaban unha regulación unitaria das relacións *ad intra* de cada Administración e das relacións entre elas, como a sinatura e as sedes electrónicas, o intercambio electrónico de datos en contornos pechados de comunicación e a actuación administrativa automatizada.

O artigo 41.1 da Lei 40/2015 define actuación administrativa automatizada como calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos por unha Administración pública no marco dun procedemento administrativo e na cal non interviñese de forma directa un empregado público.

O artigo 41.2 da devandita lei determina que “en caso de actuación administrativa automatizada deberase establecer previamente o órgano ou órganos competentes, segundo os casos, para a definición das especificacións, programación, mantemento, supervisión e control de calidade e, se fose o caso, auditoría do sistema de información e do seu código fonte. Así mesmo, indicárase o órgano que debe ser considerado responsable para efectos de impugnación”.

A Orde do 6 de febreiro de 2014 pola que se aproba o protocolo de identificación e sinatura electrónicas da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no punto 3.4 do seu protocolo, determina que a creación de selos electrónicos realizárase mediante resolución das secretarías xerais, secretarías xerais técnicas, direccións xerais ou persoa titular da dirección da entidade pública instrumental competente, que deberá ser publicada en sede electrónica.

Con Resolución do 7 de setembro de 2017, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, aprobouse o modelo de resolución pola que se declaran actuacións administrativas automatizadas da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, empregado para a formalización da actuación administrativa automatizada prevista nesta resolución.



Por todo o exposto,

RESOLVO:

Primeiro. Declarar as seguintes actuacións administrativas como “actuacións automatizadas” a través de sistemas de información no ámbito da realización da Proba de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU), a Proba de Acceso a Universidade para Maiores de 25 (PAU M-25) anos e a Proba de Acceso a Universidade para Maiores de 45 anos (PAU M-45) e a xestión do propio acceso ás tres universidades do Sistema Universitario Galego (SUG):

- Xeración automática dos seguintes documentos:
 - Fichas de Matrícula para as probas de ABAU, PAU M-25 e PAU M-45
 - Tarxetas de cualificacións das probas de ABAU, PAU M-25 e PAU M-45
 - Actas de Cualificación das probas de ABAU, PAU M-25 e PAU M-45
 - Certificados de Cualificación das probas de ABAU, PAU M-25 e PAU M-45
 - Certificados para o traslado de Expedientes
 - Comunicacions para comprobación das solicitudes de acceso e comunicacions resultantes dese proceso.

Segundo. Determinar que os órganos responsables en relación coa actuación administrativa automatizadas relacionada no apartado anterior, serán:

- a) O Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) a través da Comisión Interuniversitaria de Galicia como órgano responsable da definición das especificacións destas actuacións administrativas automatizadas.
- b) A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia como órgano responsable da programación, mantemento, supervisión e control de calidade e, no seu caso, auditoría do sistema de información e do seu código fonte.
- c) O Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) como órgano responsable para os efectos de impugnación.

Terceiro. Autorizar a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para xestionar a solicitude de creación dun selo electrónico denominado “Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia” ante a autoridade de servizos de certificación que corresponda.

A titularidade así como a responsabilidade do seu uso corresponderá ao Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia.



O selo electrónico estará baseado nun certificado electrónico recoñecido ou cualificado e as súas características técnicas xerais serán as que consten na declaración de prácticas de certificación do emisor do certificado.

Os datos necesarios para acceder ao servizo de validación para a verificación do certificado estarán incluídos no certificado. Os datos que deberán constar no selo electrónico son os seguintes:

- a) NIF do organismo subscritor: Q1500428F
- b) Organismo subscritor: CONSORCIO INTERUNIVERSITARIO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (CISUG)
- c) Nome do selo: CONSORCIO INTERUNIVERSITARIO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

Cuarto. Autorizar a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para utilizar o selo electrónico denominado “CONSORCIO INTERUNIVERSITARIO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (CISUG)” para asinar as actuacións administrativas automatizadas declaradas nesta resolución e a realizar as tarefas técnicas precisas para a súa implantación efectiva nos sistemas automatizados que dan soporte as actuacións e procedementos mencionados.

Quinto. Autorizar a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para a renovación do selo electrónico “CONSORCIO INTERUNIVERSITARIO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (CISUG)” sempre e cando continúen vixentes as actuacións administrativas automatizadas declaradas nesta resolución.

Sexto. A presente resolución producirá efectos desde o día da súa sinatura.

Presidente do Consorcio interuniversitario do sistema Universitario de Galicia (CISUG)	Directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
Antonio López Díaz	Mar Pereira Álvarez

